



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

INSTITUTO DE ENSINO SECUNDARIO SAN CLEMENTE
Rúa San Clemente s/n. 15705 Santiago de Compostela
Teléfono: 0034 881 867 501 - Fax: 0034 881 867 538
www.ies Sanclemente.net - ies.sanclemente@edu.xunta.es



MEMORIA DO PLAN DE IGUALDADE 2022-2023



Obradoiro da Igualdade

IES San Clemente

Carme Otero, Manuel Gómez, Isabel Gamallo



❑ **Introdución:**

Un dos nosos obxectivos principais neste curso 2022-2023 foi romper coa transmisión dos estereotipos e eliminar todos os tipos de desigualdades, incidindo na desigualdade de xénero, así como poñer en valor a diversidade no IES San Clemente e, ao mesmo tempo, visibilizar a figura da muller no ámbito tecnolóxico tratando de analizar a fenda de xénero no sector.

❑ **Actividades realizadas:**

- ✓ 3º certame de cartazes do 25N.
- ✓ Campaña de concienciación contra a violencia de xénero: Proxección vídeos: nas pantallas do centro
- ✓ 1ª Visita guiada A Muller na historia de Compostela
- ✓ Difusión 11F Día da muller e a nena na ciencia: Exposición As Mulleres que nos levaron á lúa
- ✓ Ampliación da sección "Igualdade de xénero e diversidade" da Biblioteca do centro.
- ✓ Difusión 8M Día Internacional da muller nas pantallas do centro
- ✓ Mulheres da Lusofonia no día 8 de marzo



- ✓ Participación no Club de Lectura e actividades Ultramodernas da Biblioteca Escolar no terceiro trimestre, coa Lectura estendida Igualdade
- ✓ 4º Certame de fotografía “Mulleres na sombra”.
- ✓ 3º Certame radiofónico – Mulleres na sombra.

Balance das actividades:

Consideramos que na meirande parte das actividades o alumnado implicouse moi activamente, superando as expectativas que tiñamos inicialmente. Entendemos que este traballo deixa unha forte pegada a nivel individual e axuda a espertar actitudes de respecto e igualdade, así coma unha maior conciencia da situación actual das mulleres e dos colectivos diversos.

Propostas de mellora:

A pesar de todas estas actividades, no Obradoiro da Igualdade debemos facer autocrítica: moitas ideas quedaron sen tempo para desenvolvérense e ficaron no tinteiro, gustaríanos poñer máis o foco no ámbito da diversidade sexual, queremos implicar a máis membros da comunidade educativa para colaboraren ou unírense ao Obradoiro e precisamos encoraxar ao alumnado feminino á que se anime polas vocacións científicas e tecnolóxicas.

Temos intención de continuar a colaborar co podcast Exóticas da EOI de Vilagarcía e no proxecto etwinning LusoMicroFonía.

O próximo curso, máis e mellor inspir_acción en Igualdade!

Dispoñible na web no apartado [Informe final](#) na páxina do Obradoiro da Igualdade.